



INT 2017-121

CONVENIO PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS BRIGADAS 2017

Visto o Convenio entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Verín para participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

**BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS PEÓNS  
CONDUTORES DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS  
FORESTAIS COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE  
DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020**

**1. OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación temporal de traballadores/as, ca categoría de peóns condutores de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

O traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

Todo elo sen prexuízo de realizar as restantes labores previstas no Convenio de Colaboración.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado, a xornada completa, por un período de 3 meses.

**2. CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES**



## ILMO. CONCELLO DE VERÍN

### INTERVENCIÓN

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Titulación mínima requirida: Graduado Escolar ou equivalente, ou ben estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes (admisible certificado de escolaridade, garantía social ou equivalente).

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g) Estar en posesión do carnet de conducir clase B.

### 3. SISTEMA DE SELECCIÓN

É requisito previo e imprescindible para tódolos aspirantes a superación dunha proba de aptitude que se relaciona a continuación:

1. Subir e baixar dun banco de 41 cms. de alto (para homes) e 33 cms. de alto (para mulleres) durante 5 minutos e a unha media de 30 veces por minuto.

Deberá subir pondo, de forma completa, a planta de cada pé sobre o banco e quedar totalmente erguido (conforme a fotografía). As subidas non realizadas desta forma non se computarán.

Quen non supere a proba terá a consideración de NON APTO.



## ILMO. CONCELLO DE VERÍN

### INTERVENCIÓN



2. Percorrer unha distancia de 3.200,00 metros camiñando, portando cun peso de 15 quilogramos, sobre terreo plano, nun tempo máximo de 30 minutos. Durante o desenvolvemento do exercicio está totalmente prohibido correr, quen o faga, quedará automaticamente eliminado.

Quen non supere a proba terá a consideración de NON APTO.

Os aspirantes, para a realización da proba, deberán vir provistos cun peso de 15 quilogramos (que se comprobará antes do inicio das probas).

Os candidatos convocados deberán acudir á proba provistos de DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente que permita comprobar a súa identidade, e deberán presentar, o mesmo día de celebración da mesma, un certificado médico oficial, en documento orixinal (ou copia compulsada), asinado e selado por un colexiado en exercicio no que se faga constar que non presentan enfermidade nin discapacidade que impida a realización das seguintes probas:

- Subir e baixar dun banco de 41 cms. de alto (para homes) e 33 cms. de alto (para mulleres) durante 5 minutos e a unha media de 30 veces por minuto.
- Percorrer unha distancia de 3.200,00 metros camiñando, portando cun peso de 15 quilogramos, sobre terreo plano, nun tempo máximo de 30 minutos.

E que posúe as condicións de saúde necesarias para realizar o traballo de peón condutor de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais. Dito certificado haberá de ter unha antigüidade máxima de dous meses respecto á data de celebración da proba.

Previamente ao comezo da proba farase entrega a cada participante dun informe de consentimento da proba. Esta documentación unha vez cumprimentada e asinada polo participante será devolta aos membros da organización con anterioridade ao inicio do desenvolvemento da proba.

Quen non presente a referida documentación non poderá realizar as probas e terá a consideración de NON APTO.

Superadas as probas, o sistema de selección será o de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

En caso de empate terase en conta o menor tempo realizado en percorrer a distancia sinalada na segunda proba.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non



## ILMO. CONCELLO DE VERÍN

### INTERVENCIÓN

cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

No suposto de que conste en poder do concello documentación acreditativa conforme a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, entón non se procederá o seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado e o Convenio para a Prevención e Defensa contra incendios Forestais para o ano 2017.

#### 4. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos de instancias que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Verín, no prazo de 7 días naturais, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no diario La Región.

O horario de presentación de documentación será:

-de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas.

No caso de presentar a documentación noutros rexistros administrativos, ou por correos, será imprescindible que se remita por fax (988.41.19.00) copia completa da documentación entregada e selada pola correspondente administración receptora. Dito fax debe ser recibido no Concello de Verín antes das 14.00 horas do día que finaliza o prazo de presentación de instancias.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do documento que acredite a súa nacionalidade.
- b) Copia compulsada do carnet de conducir clase B.
- c) Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público. (Anexo II)
- d) Acreditación de estar en posesión da titulación esixida. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- e) Copia compulsada do carnet de conducir clase B.
- f) Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles en orixinal ou copia compulsada.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

#### 5. BAREMO XERAL DE MÉRITOS

Será de aplicación o baremo contemplado nas bases xerais de contratación de persoal laboral temporal.

- a) Experiencia profesional, no mesmo posto e categoría obxecto de contratación, que se



## ILMO. CONCELLO DE VERÍN

### INTERVENCIÓN

acreditará mediante Informe da vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo para valorar a mesma a través dos servizos prestados en calquera administración pública ( 0,25 puntos/mes ) ou empresa privada referidos aos últimos 5 anos ( 0,05 puntos/mes ) na mesma categoría á que se pretende acceder.

b) Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% ( 1 punto ) que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

c) Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado co poste e funcións propias da categoría:( máximo 3 puntos )

|                         |                   |
|-------------------------|-------------------|
| De 40 a 100 horas       | 0,10 puntos/curso |
| De 101 a 300 horas      | 0,40 puntos/curso |
| De 301 a 500 horas      | 0,60 puntos/curso |
| De 501 horas en adiante | 1,00 puntos/curso |

d) Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas ):

|                                                                                                                                                        |             |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| Título de doutor/a                                                                                                                                     | 1,75 puntos |
| Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro                                                                                                        | 1,50 puntos |
| Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a                                                                  | 1,25 puntos |
| Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente | 0,75 puntos |
| Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente  | 0,50 puntos |
| Graduado escolar, 2º da ESO superado                                                                                                                   | 0,25 puntos |

e) Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galiza.( só se valorará o grado superior alegado)

|                  |             |
|------------------|-------------|
| Iniciación       | 0,50 puntos |
| Perfeccionamento | 0,75 puntos |
| Especialización  | 1,00 puntos |

### 6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes



## ILMO. CONCELLO DE VERÍN

### INTERVENCIÓN

presentados/as, estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Antonio Lucas Santos Martínez, funcionario de carreira do Concello de Verín.

Suplente: María Dolores Salgado Carballo, funcionaria de carreira do Concello de Verín.

Secretario/a: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria do Concello de Verín

Suplente: María del Carmen Fernández Fernández, funcionaria de carreira do Concello de Verín

1º Vogal: Fernando Castro Salgado, policía local do Concello de Verín.

Suplente: José Salgado Gago, policía local do Concello de Verín

2º Vogal: María Susana Benítez Guede, funcionaria de carreira do Concello de Verín.

Suplente: María del Pilar Medeiros Fernández, funcionaria de carreira do Concello de Verín

3º Vogal: Benjamín Estevez Zarzuelo, coordinador deportivo do Concello.

Suplente: María Jesús Franco Medeiros, funcionaria de carreira do Concello de Verín.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello, tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002 do 24 de maio. En caso contrario, no suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ó concello, tamén se terá dereito a percibi-la mencionada indemnización.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso non cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Poderán acudir ao exame dos exercicios e da documentación representantes de organizacións sindicais.



### 7. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da concellería delegada aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para presentar nova documentación non presentada até entón).

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as, e convocará a proba de aptitude (cunha antelación mínima de un día hábil) á que só poderán concorrer os aspirantes que consten como admitidos. Tras a realización da proba de aptitude, publicarase no taboleiro de anuncios a relación de aspirantes que superaron as probas e o resultado das mesmas.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

O ditaminado polo tribunal someterase á resolución da concellería delegada para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello.

Os traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Verín.

A non realización do referido curso, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

### 8. INDICENCIAS

O tribunal quedará autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo lo non previsto nestas bases.